

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**5464** *Real decreto 420/2011, do 25 de marzo, polo que se modifican determinados artigos do Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, sobre aplicación do réxime de pagamento único na agricultura e a integración de determinadas axudas agrícolas neste a partir de 2010.*

O Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, sobre a aplicación do réxime de pagamento único na agricultura e a integración de determinadas axudas agrícolas nel a partir do ano 2010, establece, no capítulo III, disposicións relativas para a asignación de dereitos, indicándose, como prazo de presentación da solicitude única e comunicación de alegacións aos dereitos provisionais asignados, o período comprendido entre o 1 de febreiro e o 30 de abril de cada ano.

Por outro lado, o capítulo IV do devandito real decreto establece disposicións relativas á reserva nacional de dereitos de pagamento único. En concreto, no seu artigo 23.1 determínase que o prazo de presentación da solicitude de dereitos á dita reserva nacional está comprendido entre o 1 de febreiro e o 30 de abril de cada ano xa que, co fin de lles permitir aos solicitantes dispoñer dun prazo axustado ás necesidades da campaña, se fan coincidir as datas coa presentación da solicitude única das axudas da Política Agraria Común.

O prazo de presentación da solicitude única da campaña 2010 foi ampliado ata o 14 de maio de 2010, inclusive, pola Orde ARM/762/2010, do 26 de marzo, pola que se amplía o prazo de presentación da solicitude única do artigo 99.2 do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, para o ano 2010.

En vista do acontecido en 2010 e en previsión de que se poidan repetir as mesmas circunstancias nas campañas 2011 e 2012, no que se refire á conveniencia de ampliación do prazo de presentación da solicitude única, e obedecendo a citada posibilidade á previsión recollida no Regulamento (CE) n.º 1122/2009 da Comisión, do 30 de novembro de 2009, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello no referido á condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control nos réximes de axuda directa aos agricultores establecidos por ese regulamento, e normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello no referido á condicionalidade no réxime de axuda establecido para o sector vitivinícola, procede modificar o prazo tanto para a comunicación de alegacións aos dereitos provisionais asignados como para a solicitude de dereitos da reserva nacional, e condicionalo ao período de presentación da solicitude única de cada ano.

Por outra parte, no capítulo III do citado real decreto establécense disposicións relativas á asignación, comunicación e condicións xerais das alegacións aos dereitos de axuda provisionais correspondentes ao ano 2010 e 2012. Co obxecto de recoller tamén a integración no réxime da prima á arrinca de viñedo con efecto 2011, é conveniente completar os artigos 14, 15 e 16 para incluír as disposicións correspondentes a esa campaña.

En canto á reserva nacional, o capítulo IV establece as disposicións aplicables. Nos artigos 23.2 e 24 recóllense os casos de acceso á reserva nacional, así como as condicións xerais que deben cumprir os solicitantes de dereitos da reserva nacional.

Co obxecto de unificar os criterios e asegurar unha actuación homoxénea en todo o territorio nacional para a concesión de dereitos procedentes da reserva nacional, é conveniente completar as súas condicións xerais de acceso, así como establecer condicións específicas para cada un dos supostos recollidos no artigo 23.2 que continúen en vigor na campaña 2011 e seguintes. Por tanto, introdúcese unha nova disposición relativa ás condicións específicas que deben cumprir as solicitudes segundo o caso de reserva

nacional de que se trate, na que se detallan os criterios obxectivos que garanten a igualdade de trato entre os agricultores e que evitan calquera falseamento do mercado e da competencia, en prol de lograr unha maior eficiencia na xestión das solicitudes e proporcionar unha maior información aos solicitantes sobre os requisitos que deben cumprir para o acceso á reserva nacional segundo a súa solicitude.

En relación cos dereitos derivados da revisión médica, o Regulamento (CE) n.º 1250/2009 do Consello, do 30 de novembro de 2009, que modifica o Regulamento (CE) n.º 73/2009 polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda os agricultores, modifica o artigo 64 do Regulamento 73/2009 e establece disposicións que consideran a situación daqueles agricultores arrendatarios de dereitos de pagamento único no primeiro ano de integración da axuda ligada, que percibiron a citada axuda no período de referencia, e aos que corresponde recibir novos dereitos de pagamento único polo desligamento dos sectores da revisión médica coa excepción dos sectores gandeiros, pero que só dispoñen das superficies e dereitos de pagamento único ligados ao arrendamento. Tendo en conta que todas, ou parte, das hectáreas do agricultor que poden optar á axuda se utilizaron xa para xustificar os dereitos arrendados, faise necesario, para lles poder conceder os pagamentos a que teñen dereito, establecer un novo tipo de dereito de pagamento único, denominado «dereito excepcional», que non precisa ser xustificado mediante a súa activación con hectáreas admisibles, sempre e cando se cumpran as normas e requisitos establecidos para o efecto. En vista do anterior, inclúense as disposicións correspondentes no texto.

Por outro lado, o Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, que establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, foi derogado polo Regulamento (CE) n.º 1120/2009 da Comisión, do 29 outubro 2009, polo que se establecen disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no título III do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa os agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores. En consecuencia, procede a substitución do regulamento no texto.

Por último, advertidos certos erros na redacción e nas referencias a artigos, aprovéitase a ocasión para a oportuna corrección do texto.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de marzo de 2011,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, sobre a aplicación do réxime de pagamento único na agricultura e a integración de determinadas axudas agrícolas nel a partir do ano 2010.*

O Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, sobre a aplicación do réxime de pagamento único na agricultura e a integración de determinadas axudas agrícolas nel a partir do ano 2010 queda modificado como segue:

Un. No artigo 4 engádese á alínea a) o seguinte:

«3.º Dereitos excepcionais: os asignados por aplicación do número 2 do artigo 64 do Regulamento n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, a aqueles agricultores arrendatarios de dereitos de pagamento único no primeiro ano de integración da axuda ligada, sempre e cando:

- i. non dispoñan doutros dereitos de pagamento único en propiedade,
- ii. recibisen importes provisionais procedentes do desligamento dos sectores da revisión médica coa excepción dos sectores gandeiros,
- iii. tras a xustificación dos dereitos arrendados coa superficie do arrendamento na solicitude única correspondente ao primeiro ano da integración da axuda ligada, non dispoñan de superficie admisible suficiente para incorporar os citados importes provisionais co límite regulamentario de 5.000 €/dereito.

Como excepción ao artigo 9.3 do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e a gandaría, os dereitos excepcionais poderán ser xustificadas sen a declaración das correspondentes hectáreas admisibles, sempre e cando se cumpran as normas e requisitos establecidos no número 5 do artigo 7 deste real decreto.»

Dous. No artigo 7 engádese o número 5, relativo ás normas que se aplican aos dereitos excepcionais:

«5. Os dereitos excepcionais a que se refire a alínea a) do artigo 4 estarán sometidos á aplicación das seguintes restricións:

- a) O número de dereitos excepcionais xustificadas nun ano determinado non deberá superar o número de dereitos de pagamento xustificadas con hectáreas admisibles;
- b) A condición de excepcionalidade deixará de aplicarse a partir do primeiro ano en que o agricultor do sector de que se trate declare un número de hectáreas suficientes para xustificalos total ou parcialmente;
- c) Os dereitos excepcionais asignados xustificaranse para o número de hectáreas admisibles que poidan optar á axuda con anterioridade a calquera dereito de pagamento recibido posteriormente polo agricultor mediante cesión.»

Tres. Substitúese a redacción do artigo 14, engadindo disposicións relativas á asignación de dereitos provisionais e definitivos e solicitude de admisión correspondente ao ano 2011, nos seguintes termos:

«1. Os dereitos provisionais correspondentes ao ano 2010 asignaranse antes do 30 de novembro de 2009, no caso da destilación de alcohol de uso de boca, trigo duro, herbáceos, oliveiral, ovino-caprino e cítricos; e do 1 de xaneiro de 2010, no caso da prima á arrinca de viñedo. A asignación provisional comunicárase aos interesados antes do 31 de xaneiro de 2010 para que poidan formular alegacións. Os dereitos provisionais correspondentes ao ano 2011 asignaranse antes do 1 de xaneiro do 2011, e a asignación comunicárase aos interesados antes do 31 de xaneiro de 2011 para os efectos de que poidan formular alegacións. Os dereitos provisionais correspondentes ao ano 2012 asignaranse antes do 30 de novembro de 2011, e a asignación comunicárase aos interesados antes do 31 de xaneiro de 2012 para os efectos de que poidan formular alegacións.

Se un produtor non posuír dereitos de pagamento único no momento da asignación dos dereitos provisionais descritos no parágrafo anterior, comunicaráselle unicamente os importes provisionais de referencia que se terán en conta na asignación dos dereitos definitivos de pagamento único que se realizarán unha vez que se determine a superficie admisible da campaña correspondente.

2. Os dereitos definitivos de pagamento único que se deberán establecer no ano 2010 calcularanse tras finalizar o período de valoración de alegacións e asignaranse, como máis tarde, o 31 de decembro de 2010, sempre que o produtor se encontre nalgunha das circunstancias recollidas no artigo 3.1. Os dereitos definitivos que se deberán establecer no ano 2011 asignaranse de xeito definitivo, como máis tarde, o 31 de decembro de 2011. Así mesmo, os dereitos definitivos que

se deberán establecer no ano 2012 asignaranse de maneira definitiva, como máis tarde, o 31 de decembro de 2012.

3. Todos aqueles agricultores aos cales se lles vaian asignar dereitos e que non posúan en propiedade dereitos de pagamento único previos no momento de presentaren a súa solicitude única ou que pertencen a sectores que se incorporan por primeira vez ao réxime de pagamento único e, concretamente no ano 2010, 2011 e/ou 2012, os agricultores que reciban dereitos en propiedade sobre a base dos artigos 9, 10 e/ou 11, deberán solicitar, na comunidade autónoma en que presenten a solicitude única o ano de integración do correspondente sector, a admisión ao réxime de pagamento único para poderen participar nel e recibir a asignación de dereitos definitivos que lles corresponda.»

Catro. Modifícase o artigo 15 da seguinte forma.

a) No número 3 substitúese a frase:

«... ante a autoridade competente, do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2010 no caso dos dereitos provisionais asignados con efectos 2010, ou do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2012 no caso dos dereitos provisionais asignados con efectos 2012, alegacións, que conterán, polo menos, a información detallada no anexo II...»

Pola seguinte:

«... ante a autoridade competente, no prazo de presentación da solicitude única de cada ano no caso dos dereitos provisionais asignados con efectos 2010, 2011 ou 2012 segundo corresponda, alegacións, que conterán, polo menos, a información detallada no anexo II...»

b) O número 4 queda redactado da seguinte forma:

«4. Para efectos de poder calcular os dereitos definitivos, os agricultores que se acollan ao establecido nos artigos 17 a 20 deberán comunicar á comunidade autónoma onde presenten a súa solicitude única, por calquera das formas posibles, incluídas as electrónicas e nos modelos que esta estableza, os datos e documentos que se relacionan nos anexos II a V antes do último día do prazo de presentación da solicitude única correspondente ao 2010, 2011 e 2012 segundo corresponda aos dereitos provisionais asignados en 2010, 2011 ou 2012 respectivamente.»

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 16, que queda da seguinte forma:

«1. Os agricultores aos cales nos anos 2010, 2011 e 2012 se lles comunique a concesión de dereitos provisionais de pagamento único como consecuencia da incorporación a el dos réximes de axuda relacionados neste real decreto, poderán presentar alegacións a esta concesión no período de presentación da solicitude única do ano correspondente.»

Seis. Modifícase o artigo 21 do seguinte modo:

a) Modifícase o título do artigo como segue:

«Contratos de arrendamento no ano de asignación dos dereitos de pagamento único procedentes dos sectores relacionados no artigo 3.1.b), de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1120/2009, da Comisión, do 29 de outubro, que establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.»

b) O número 1 queda redactado da seguinte forma:

«Os arrendamentos de terras vixentes o ano de asignación dos novos dereitos de axuda consecuencia da incorporación de novos sectores ao réxime de pagamento único poderán considerarse arrendamentos con terras sempre que exista algunha cláusula nun contrato de arrendamento que prevexa a cesión dun número de

dereitos que non supere o número de hectáreas arrendadas e cumpra co establecido no artigo 27 do Regulamento (CE) n.º 1120/2009 da Comisión, do 29 de outubro.»

Sete. Modifícase o artigo 23 nos seguintes termos:

a) No número 1 substitúese a primeira frase pola seguinte:

«Os agricultores que desexen solicitar dereitos de pagamento único con cargo á reserva nacional deberán presentar a devandita solicitude, xunto coa información mínima establecida no anexo VI, no prazo de presentación da solicitude única de cada ano e ante a autoridade competente correspondente, conforme o establecido no real decreto da campaña en cuestión.»

b) No número 2.c.1.º) substitúese do texto a frase:

«... e beneficiarios de dereitos de reserva nacional de programas gandeiros, e que non recibisen xa dereitos de pagamento único da reserva nacional polas mesmas unidades de produción.»

Pola seguinte redacción:

«... e beneficiarios de dereitos da reserva nacional de programas gandeiros que os tivesen recibido de xeito previo ao inicio do prazo de presentación da solicitude á reserva nacional e ademais que non recibisen xa dereitos de pagamento único da reserva nacional polas mesmas unidades de produción e que manteñan a actividade gandeira.»

Oito. Modifícase o artigo 24 nos seguintes termos:

a) O número 1 queda redactado da seguinte forma:

«1. Os solicitantes de dereitos da reserva nacional dos supostos previstos nas alíneas b) e c) do número 2 do artigo anterior deberán, en todos os casos, ser agricultores que exercen a actividade agraria e dispor de hectáreas admisibles para os efectos do pagamento único para que os dereitos de pagamento único se lles poidan asignar sobre a base das devanditas hectáreas. En ningún caso o número de dereitos normais de axuda concedidos, procedentes da reserva nacional, poderá exceder do número de hectáreas que posúe o agricultor para xustificar os seus dereitos de pagamento único e respecto ás cales non ten ningún dereito de axuda.

Entenderase que un agricultor exerce a actividade agraria cando presente na campaña de que se trate ou, de ser o caso, en campañas anteriores, a correspondente solicitude de axudas ou mediante o xustificante de estar dado de alta na Seguridade Social pola súa actividade agraria, segundo a lexislación vixente, ou ben a través da declaración da renda na que figuren ingresos por actividade agraria.

No que se refire aos datos relativos á Seguridade Social e á declaración da renda, o interesado poderá autorizar a Administración competente para que solicite directamente os ditos datos, sen necesidade de que aquel deba achegar documentos xustificativos deles [art.º 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común].»

b) Engádesse o seguinte punto e pasa a enumerarse como o punto 2:

«2. As unidades de produción polas que se solicitan dereitos á reserva nacional deben estar en poder do solicitante no momento de presentar a solicitude única da campaña que corresponda coa solicitude de dereitos á reserva nacional realizada e, polo tanto, deben figurar nela. No caso do sector ovino/caprino, as unidades de produción polas cales se solicita á reserva nacional poderán non figurar na solicitude única pero si deberán constar no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) na data de finalización do prazo da solicitude única.»

c) Os números 2 e 3 cambian a súa numeración e convértense nos números 3 e 4, respectivamente.

d) Engádesse o seguinte punto:

«5. Os dereitos da reserva nacional asignaranse en función das unidades de produción admisibles e determinadas respecto das cales o beneficiario non tiver xa dereitos de axuda e que, de ser o caso, figuran na súa solicitude única.»

Nove. Engádesse un novo artigo 24 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 24 bis. *Condicións específicas da reserva nacional.*

Poderán acceder á reserva nacional os agricultores que se encontren nalgún dos supostos recollidos no artigo 23.2, que cumpran as condicións xerais establecidas no artigo 24, e sempre que cumpran, en cada caso, as seguintes condicións:

1. Novos agricultores que realizen a súa primeira instalación no ámbito dun Programa de Desenvolvemento Rural establecido de acordo co Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), iniciando a súa actividade nalgún dos sectores que xa estean incorporados no réxime do pagamento único.

a) Para ser considerado novo agricultor, o solicitante non poderá ter exercido a actividade agraria nas cinco campañas anteriores á da súa incorporación a ela.

b) A primeira instalación no ámbito dun Programa de Desenvolvemento Rural, establecido de acordo co Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, entenderase realizada cando exista un expediente favorable de concesión da axuda de primeira instalación, na data de finalización do prazo de presentación da solicitude única, nos sectores que xa estean incorporados no réxime de pagamento único. As unidades de produción polas cales se solicita á reserva nacional non poden superar as contidas na resolución aprobatoria do dito expediente.

c) O agricultor non pode ter recibido dereitos da reserva nacional en anteriores asignacións de dereitos de pagamento único da reserva nacional.

d) O agricultor debe terse incorporado á actividade e estar dado de alta na Seguridade Social na actividade agraria, tal e como establece a lexislación vixente, a partir da súa primeira instalación e, en todo caso, na data final do prazo de presentación da solicitude de dereitos de pagamento único da reserva nacional.

e) O agricultor, na solicitude única do ano correspondente á solicitude á reserva nacional, deberá realizar a declaración da explotación onde exerce a actividade agraria e da cal posúe a titularidade ou cotitularidade en réxime de propiedade ou arrendamento.

f) No caso de sociedades, todos os socios deberán cumprir as condicións anteriores.

2. Agricultores cuxas explotacións se encontren situadas en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública tales como transformacións en regadío para cultivos herbáceos, concentracións parcelarias, e beneficiarios de dereitos de reserva nacional de programas gandeiros, e que non recibisen xa dereitos de pagamento único da reserva nacional polas mesmas unidades de produción:

a) Será necesaria a realización efectiva da intervención pública na explotación.

b) No caso da concentración parcelaria, o agricultor deberá presentar, polo menos, o 50% da superficie da explotación que posuía (en arrendamento ou en propiedade) durante o período de referencia.

c) As unidades de produción polas cales se solicitan dereitos á reserva nacional sobre a base do suposto relativo a programas de reestruturación públicos non terán xerado dereitos de pagamento en anteriores asignacións da reserva nacional, co fin de evitar duplicidades de dereitos de pagamento.»

Dez. Modifícase o texto do artigo 25 como segue:

a) A primeira frase do número 1 substitúese pola seguinte:

«No caso dos novos agricultores que iniciasen a súa actividade de acordo co establecido no artigo 41.2 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, calcularanse os seus dereitos, se procede, segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º 1120/2009 da Comisión, do 29 de outubro.»

b) Modifícase o número 3, quedando o texto da seguinte forma:

«3. Aos agricultores situados en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública, co obxecto de evitar o abandono de terras ou para compensar desvantaxes específicas para os agricultores das devanditas zonas, logo de petición, asignaráselles dereitos da reserva nacional de acordo cos criterios establecidos no Regulamento (CE) n.º 1120/2009 da Comisión, do 29 de outubro.»

Once. Modifícase o artigo 26 da seguinte forma:

a) No número 2 substitúese a primeira frase:

«As comunidades autónomas notificarán a asignación de dereitos aos agricultores do seu ámbito antes do 31 de decembro de cada ano.»

Pola seguinte:

«As comunidades autónomas notificarán a asignación de dereitos aos agricultores do seu ámbito antes do 28 de febreiro do ano seguinte ao de presentación da solicitude de dereitos á reserva nacional.»

b) Substitúese o número 3 polo seguinte:

«3. Non obstante o disposto no número anterior, de acordo co previsto no artigo 59.6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, esta notificación poderá ser substituída pola publicación da resolución da asignación de dereitos da reserva no diario oficial de cada comunidade autónoma e ser exposta na súa páxina web e nos seus taboleiros de anuncios, así como nos do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e das delegacións e subdelegacións do Goberno nas comunidades autónomas, conforme as indicacións recollidas no artigo 60 da citada lei.»

Doce. Introdúcese un novo artigo 26 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 26 bis. *Recuperación de dereitos indebidos.*

1. En aplicación do establecido no artigo 81 do Regulamento (CE) n.º 1122/2009 da Comisión, do 29 de outubro, e sen prexuízo do disposto no artigo 14.2 do presente real decreto, relativo á asignación definitiva de dereitos, se se demostra que determinados dereitos de pagamento único foron asignados indebidamente a un produtor, os ditos dereitos transferiranse á reserva nacional e non se considerarán asignados.

Se o produtor citado anteriormente, por ter realizado transferencias a outros produtores, non dispón dunha cantidade suficiente de dereitos de pagamento único para cubrir o valor dos dereitos que deben retirarse a favor da reserva nacional, a

obriga establecida no parágrafo anterior aplicárase tamén aos cesionarios proporcionalmente á cantidade de dereitos de pagamento que lles foron cedidos.

2. Así mesmo, se se demostra que o valor dos dereitos de pagamento único asignados a un produtor é demasiado elevado, o dito valor axustárase, e transferírase á reserva nacional o importe asignado indebidamente. Os dereitos de pagamento único consideráranse asignados co valor resultante do axuste.

Se os dereitos citados anteriormente foron cedidos a outros produtores de forma previa ao axuste, o valor resultante trasladárase aos dereitos do cesionario.

3. Cando se demostre que o número de dereitos asignados é incorrecto e esta asignación indebida non teña incidencia no valor total dos dereitos que recibe o produtor, calcularase de novo o número e valor dos dereitos de pagamento único e corrixiase, se procede, o tipo de dereitos asignados.»

Trece. No artigo 27 engádese o seguinte número:

«4. No caso de cesión de dereitos de carácter excepcional, atribuídos sobre a base do número 2 do artigo 64 do Regulamento (CE) n.º 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro, os dereitos cedidos pasarán a normais e perderán a exención da obriga de declarar un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos de axuda establecidos. Só manterán a súa condición de dereito excepcional en caso de transferencia mediante herdanza real ou transmisión «inter vivos», ou ben como consecuencia dun cambio de denominación ou de personalidade xurídica.

No caso de se tratar dunha cesión de dereitos normais a un agricultor titular de dereitos excepcionais, estes manterán a súa condición de excepcionalidade se continúan cumprindo as normas e restricións a que se refire o terceiro punto da alínea a) do artigo 4 e o número 5 do artigo 7 deste real decreto.»

Catorce. O segundo parágrafo do número 2 do artigo 29 substitúese pola seguinte redacción:

«Entenderase que a cesión foi aceptada se ás seis semanas desde a comunicación a autoridade competente non notificou motivadamente a súa oposición. Non obstante, para os efectos de aplicación das distintas porcentaxes de retención consideradas no artigo 28 deste real decreto, a autoridade competente poderá aceptar a comunicación atendendo ao tipo de cesión que sexa acreditada mediante a documentación achegada polo cedente. Unicamente se poderá opor á cesión cando esta non se axuste ás disposicións do Regulamento (CE) n.º 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro.»

Quince. Modifícase o anexo V, nos seguintes termos, para corrixiar erratas:

- a) Substitúese a referencia ao «artigo 17» por «artigo 19».
- b) Modifícase a primeira frase do número 2 da seguinte forma:

«2. Herdanza real ou transmisión «inter vivos» (incluído o usufruto):»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ROSA AGUILAR RIVERO